

Condicóns da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 3 de outubro de 2003.

Prazo da inclusión da substancia activa: do 1 de abril de 2004 ao 31 de marzo de 2014.

Prazo para a aplicación das condicóns de inclusión: o 1 de outubro de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de agosto de 2005, para formulacións que conténan zoxamida como única substancia activa, ou ben, como unha de varias substancias activas incluídas antes do 31 de marzo de 2004 no anexo I do Real decreto 2163/1994.

Protección de datos: por ser o zoxamida unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

**9533** *ORDE PRE/1422/2004, do 20 de maio, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indeseables na alimentación animal. («BOE» 124, do 22-5-2004.)*

O Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indeseables na alimentación animal, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002.

A dita directiva foi modificada pola Directiva 2003/100/CE, da Comisión, do 31 de outubro, pola que se modifican os niveis máximos de arsénico, chumbo, fluor, aflatoxina B1, gosipol libre e endosulfán.

Mediante esta orde incorpórase a citada Directiva 2003/100/CE, a través da modificación do anexo do Real decreto 465/2003.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003 faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten as disposicións necesarias para a actualización dos seus anexos, como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, logo de informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispón:

**Artigo único. Modificación do Real decreto 465/2003.**

Os puntos 1, 2, 3, 7, 9 e 22 do anexo do Real decreto 465/2003 sobre as substancias indeseables na alimentación animal, substitúense polos incluídos no anexo desta orde.

**Disposición derradeira primeira. Habilitación competencial.**

Esta orde dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1, regras 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta orde entrará en vigor o 21 de novembro de 2004. Madrid, 20 de maio de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmas. Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

## ANEXO

Substancias indeseables	Produtos destinados á alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, calculado sobre a base dun contido de humidade do 12%
(1)	(2)	(3)
1. Arsénico (8).	Materias primas para a alimentación animal, excepto: Fariñas de herbas, de alfalfa e de trevo deshidratados, así como polpa desecada de remolacha azucreira e polpa desecada con adición de melazas de remolacha azucreira. Fariña de palmiste obtida por presión. Fosfatos e algas mariñas calcarias. Carbonato cálcico. Óxido de magnesio. Pensos procedentes da transformación de peixes ou outros animais mariños. Fariña de algas mariñas e materias primas procedentes de algas mariñas.	2 4 4 (9) 10 15 20 15 (9) 40 (9)
	Pensos completos, excepto: Pensos completos para peixes e pensos completos para animais de pel. Pensos complementarios, excepto: Pensos minerais.	2 6 (9) 4 12

Substancias indeseables	Produtos destinados á alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, calculado sobre a base dun contido de humidade do 12%
(1)	(2)	(3)
2. Chumbo.	Materias primas para a alimentación animal, excepto: Forraxes verdes. Fosfatos e algas mariñas calcarias. Carbonato cálcico. Lévedos. Pensos completos.  Pensos complementarios, excepto: Pensos minerais.	10 40 15 2 5 5  10 15
3. Fluor.	Materias primas para a alimentación animal, excepto: Pensos de orixe animal, excepto crustáceos mariños coma o krill. Fosfatos e crustáceos mariños coma o krill. Carbonato cálcico. Óxido de magnesio. Algás mariñas calcarias.  Pensos completos, excepto: Pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos: Lactantes. Outros. Pensos completos para porcos. Pensos completos para aves de curral. Pensos completos para pitos.  Mesturas minerais para bovinos, ovinos e caprinos. Outros pensos complementarios.	150 500 2.000 350 600 1.000  150 30 50 100 350 250  2.000 (1) 125 (2)
7. Aflatoxina B1.	Todas as materias primas para a alimentación animal. Pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos, excepto: Pensos completos para gando leiteiro. Pensos completos para becerros e años.  Pensos completos para porcos e aves de curral (excepto animais novos). Outros pensos completos. Penso complementario para bovinos, ovinos e caprinos (excepto pensos complementarios para gando leiteiro, becerros e años). Pensos complementarios para porcos e aves de curral (excepto animais novos). Outros pensos complementarios.	0,02 0,02 0,005 0,01  0,02 0,01 0,02 0,02 0,005
9. Gopol libre.	Materias primas para a alimentación animal, excepto: Semente de algodón. Tortas de sementes de algodón e fariña de sementes de algodón.  Pensos completos, excepto: Pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos. Pensos completos para aves de curral (excepto galiñas poñedoras) e becerros. Pensos completos para coellos e porcos (excepto leitóns).	20 5.000 1.200  20 500 100 60
22. Endosulfán (suma dos isómeros alfa- e beta e de sulfato de endosulfán), expresado como endosulfán.	Todos os pensos, excepto: Millo e produtos derivados da súa transformación. Sementes oleaxinosas e produtos derivados da súa transformación. Pensos compostos para peixes.	0,1 0,2 0,5 0,005

(1) Pode dispouse tamén un contido máximo de fluor de 1,25% do contido de fosfato.

(2) Contido de fluor por 1% de fósforo.

(8) Os niveis máximos refírense ao arsénico total.

(9) Por petición das autoridades competentes, o operador responsable debe efectuar unha análise para demostrar que o contido de arsénico inorgánico é inferior a 2 ppm.

A dita análise é especialmente importante no caso das algas da especie *Hizikia fusiforme*.